




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Secretaría Xeral



Para o seu coñecemento remíttolle publicación no DOG da Orde do 9 de febreiro de 2010 pola que se declara de utilidade pública a Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares (ASEM-Galicia).


De conformidade co establecido no *art. 5 do Real Decreto 1740/2003, de 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e disposición adicional única*, esta asociación queda obrigada a presentar ante o Rexistro provincial de asociacións adscrito ao Departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Ourense, as contas anuais e memoria descritiva das actividades realizadas, dos exercicios económicos seguintes a data de declaración de utilidade pública, no prazo de 6 meses seguintes á finalización dos ditos exercicios.

Infórmolle así mesmo que para os efectos de acollerse ao réxime fiscal especial da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (B.O.E. de 24 de decembro) deberá cumprir os requisitos enumerados no seu artigo 3. Cabe destacar que entre eles, encóntrase o de destinar a totalidade do seu patrimonio, en caso de disolución, a algunhas das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos desta Lei 49/2002 ou entidades públicas de natureza no fundacional que persigan fins de interese xeral circunstancia que debe estar expresamente contemplada nos estatutos da entidade.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2010

A xefa do servizo de Rexistro e Asesoramento de  
Entidades Corporativas e de Dereito Privado

María Amadora Rodríguez Carreira



Presidente da Asociación Gallega contra las  
Enfermedades Neuromusculares (ASEM-Galicia)  
C/ Párroco José Otero, 6  
36206 Vigo (Pontevedra)

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 5 de febreiro de 2010 pola que se clasifica de interese deportivo a Fundación Fútbol Sala Gallego.*

Examinado o expediente de solicitude de clasificación da *Fundación Fútbol Sala Gallego* con domicilio na avenida de Glasgow, número 13 da Coruña.

Feitos.

1. Juan Ángel Probaos Barral, presidente do padroado da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Registro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña, o quínes de decembro de dous mil nove, ante a notaría María Mercedes Bermejo Pumar, con número de protocolo mil setecentos noventa, pola Federación Gallega de Fútbol Sala, representada neste acto por Juan Ángel Probaos Barral.

3. Segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto fomentar os valores inherentes á práctica deportiva, en especial do fútbol sala, e a promoción desta como instrumento educativo susceptible de contribuir ao desenvolvemento integral da personalidade dos que o practican, e tamén como factor de integración social en beneficio dos que padecen calquera tipo de maximación, así como promover e difundir todos os aspectos culturais relacionados ao deporte.

4. O padroado inicial da fundación está formado por Juan Ángel Probaos Barral como presidente, José Manuel Rivas Casal como vicepresidente, Sonia Paeos Ferreiro como secretaria, Javier Caldas Otero como vicesecretaria, Juan Marcos Cagigás Ansean como tesorero, e José Manuel Pereira Crespo e Manuel Franco Martínez como vogais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese deportivo da *Fundación Fútbol Sala Gallego*, con base nas materias que constitúen o seu obxecto fundacional.

6. Na escritura de constitución consta a identidade dos fundadores, a dotación inicial, os estatutos e a identificación dos membros do padroado.

7. De conformidade co artigo 51 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e segundo proposta da comisión de secretarios, procede a súa clasificación como de interese deportivo e a súa adscrición á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Consideracións legais.

1. O artigo 84 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía de Galicia establece competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. A escritura de constitución da fundación contén os datos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

3. Segundo establece o artigo 7 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de registro de fundacións de interese galego, corresponde a esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá as funcións de protectorado.

De conformidade co exposto, e considerando que se cumpren as condicións establecidas pola normativa vixente en materia de fundacións de interese galego, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 25 de xaneiro de dous mil dez.

**DISPÓÑO:**

Clasificar de interese deportivo a *Fundación Fútbol Sala Gallego*, adscribindoa ao protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Orde do 9 de febreiro de 2010 pola que se declara de utilidade pública a Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares -ASEM Galicia-.*

Por iniciativa das correspondentes asociacións, poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

O expediente foi instruído de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e nel constan a documentación e os informes previstos na citada norma.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade co informe favorable de declaración de utilidade pública, emitido polo instrutor do expediente,

#### RESOLVO:

Declarar de utilidade pública a seguinte asociación inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia:

Denominación: *Asociación Galega contra las Enfermedades Neuromusculares -ASEM Galicia-*.

Nº de registro: 2003/6608-1º.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Resolución do 20 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2009.*

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG número 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

#### DISPOÑO:

Artigo primeiro.- Darlle publicidade a unha terceira relación dos convenios subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de setembro, outubro, novembro e

decembro do ano 2009, que se incorpora como anexo I a esta resolución.

Artigo segundo.- Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que se incorporan como anexo II a esta resolución e que non foron publicados.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2010.

Beatriz Cuiña Barja  
Secretaría xeral da Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

#### ANEXO I

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro

Conteúdo	Importe €	Data sinatura
Adeución do Convenio de colaboración subscrito o 3 de xuño de 1997 polo Centro de Estudos Xurídicos e a Xunta de Galicia para a formación de locais e servizos nos edificios destinados ao Consello Autonómico de Galicia	12.080,00 €	5-10-2009
Convenio de colaboración entre a Conselleira Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia, a Dirección Provincial do Coruña e a Fundación Glorio Galdo-García San Martín sobre o Plan de actuación económica para a realización da Aula Bortomociana do Consello Xeral do Poder Xudicial por o ano 2009	3.000,00 €	23-10-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Prácticas Xurídicas Iñacino Iglesias Casal do Instituto Galego de Avogadía de Coruña para financiar os gastos de funcionamento da dita escola	15.000,00 €	26-11-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Prácticas Xurídicas Iñacino Iglesias Casal de Avogadía de Ourense para financiar os gastos de funcionamento da dita escola	15.000,00 €	26-11-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Prácticas Xurídicas Iñacino Iglesias Casal de Avogadía de Ourense para financiar os gastos de funcionamento da dita escola	15.000,00 €	26-11-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Prácticas Xurídicas Iñacino Iglesias Casal do Instituto Galego de Avogadía de Pontevedra para financiar os gastos de funcionamento da dita escola	15.000,00 €	26-11-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Prácticas Xurídicas Iñacino Iglesias Casal do Instituto Galego de Avogadía de Santiago de Compostela para financiar os gastos de funcionamento da dita escola	15.000,00 €	26-11-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Escola de Prácticas Xurídicas Iñacino Iglesias Casal do Instituto Galego de Avogadía de Vigo para financiar os gastos de funcionamento da dita escola	15.000,00 €	26-11-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración entre o Instituto de Medicina Legal de Galicia e a unidade Universitaria de Medicina Legal	110.000,00 €	18-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela para o funcionamento do Programa de medicina do para estudantes de doutoramento de medicina no Consello Autonómico de Galicia	124.300,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Conselleira de Sanidade no marco do disposto no desenvolvemento normativo do Decreto 1080/2008, do 23 de outubro, polo que se regula a agrupación de servizos de xudicados de paz	2.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Conselleira de Capela no marco do disposto no desenvolvemento normativo do Decreto 1607/2008, do 24 de outubro, polo que se regula a agrupación de servizos de xudicados de paz	2.000,00 €	14-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Conselleira de Saúde no marco do disposto no desenvolvemento normativo do Decreto 1080/2008, do 23 de outubro, polo que se regula a agrupación de servizos de xudicados de paz	2.000,00 €	14-12-2009